

ANEXO XV: ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS MUSEOS E OUTRAS INSTALACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO DA CORUÑA**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por prestación de servizos nos museos e outras instalacións culturais do Concello da Coruña, a que se refire o artigo 20. 4 w) do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto legislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. A entrada, visita e uso das instalacións de Planetarium, Domus e Aquarium.
- B. A entrada, visita e uso das instalacións do Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón e a Torre de Hércules.
- C. A prestación dos servizos da Escola Municipal de Música.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos e quen as utilice aínda sen obter a preceptiva autorización.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebradas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

A cota tributaria determinarase mediante o sistema de cotas fixas, conforme ás tarifas fixadas no artigo seguinte.

ARTIGO 6. TARIFAS.

6.1 Con carácter xeral, disfrutarán de cota cero:

6.1 Con carácter xeral, disfrutarán de cota cero:

- 6.1.1 As visitas realizadas no día dos museos, festas locais do municipio de A Coruña, semana de la ciencia e o día da ciencia na rúa.
- 6.1.2 Os menores de 4 anos
- 6.1.3 As persoas con discapacidade física ou psíquica, así como a persoa que o acompañe, a condición de que esta sexa imprescindible para que aquel poida realizar a súa visita
- 6.1.4 As visitas patrocinadas polo Concello previa resolución que así o declare.
- 6.1.5 Os guías turísticos no desenvolvemento das súas tarefas.
- 6.1.6 As persoas responsables acompañantes de grupos educativos.
- 6.1.7 O persoal docente, debidamente acreditado.
- 6.1.8 Periodistas e persoas do International Council of Museums que presenten acreditación oficial correspondente.
- 6.1.9 Persoas da Asociación española de Museólogos e da Federación española de amigos dos Museos
- 6.1.10 As persoas en posesión da tarxeta turística en vigor
- 6.1.11 Alumnado da UDC acreditado con carnet universitario en vigor

- 6.2 Con carácter xeral disporán de tarifa reducida
- Menores de dezaseis anos, titulares do carnet xove ou carnet de estudiant e maiores de sesenta e cinco anos. Inclúese na categoría de carnet xoven ou carjnet de estudante o documento equivalente emitido en calquera dos estados membros da Unión Europea
- 6.2.1
- 6.2.2 Público en xeral aqueles outros días que, en caso concreto autorice a xunta de Goberno Local
- 6.2.3 Persoas desempregadas, mediante a presentación do documento acreditativo emitido polo Servizo Público de emprego Estatal ou polo Servizo Público de emprego dunha Comunidade Autónoma
- 6.2.4 Os membros de familia numerosas, segundo a definición que das mesmas realice a normativa vixente, previa presentación do documento acreditativo correspondente
- 6.3 No caso de utilización singular ou excepcional das instalacións a Xunta de Goberno Local determinará a tarifa para cada caso concreto atendendo ao coste do Servizo
- 6.4 Bonificación do 10% aos grupos de máis

de 20 persoas en visita previamente concertada e que satisfagan a taxa correspondente á entrada xeral

6.5 Entrada, visita e utilización das instalacións dos Museos Científicos

6.5.1	Entrada Xeral	
6.5.1.1	Entrada Palacete	2,06
6.5.1.2	Domus	2,06
6.5.1.3	Aquarium Finisterrae	10,30
6.5.1.4	Bono tres casas	12,36
6.5.2	Entrada reducida	
6.5.2.1	Palacete	1,03
6.5.2.2	Domus	1,03
6.5.2.3	Aquarium Finisterrae	4,12
6.5.3	Suplemento de Audiovisuais	
6.5.3.1	Planetario dixital	2,06
6.5.3.2	Magnavisión	2,06
6.5.3.3	Magnavisión 3D	4,12
6.5.4	Suplemento de audiovisuais reducido	
6.5.4.1	Planetario dixital reducido	1,03
6.5.4.2	Magnavisión reducido	1,03
6.5.4.3	Magnavisión 3D reducido	2,06

Notas para la aplicación da tarifa reducida

A tarifa reducida á que se refiren os apartados 6.5.2 e 6.5.4 aplicarase, ademais dos casos xerais recollidos no apartado 6.2, nos seguintes casos:

1º Grupos de escolares de centros que non pertencen ao concello da Coruña, en visita previamente concertada

2º Titulares da Tarxeta "VENTE" e "VENTE MINI"

6.5.5 Cota cero aos Museos Científicos
Ademais dos casos

xerais sinalados no apartado 6.1, aplicarase aos seguintes casos:

6.5.5.1 Grupos escolares que concerten a visita para os meses de xaneiro e febreiro na Casa das Ciencias, Domus ou Aquarium Finisterrae

6.5.5.2 Membros da Asociación de Amigos da Casa das ciencias

6.5.2.3 Grupos educativos do concello da Coruña, en vista previamente concertada.

6.5.2.4 Grupos escolares, con reserva previamente concertada, cando o responsable asista con anterioridade a reunión de preparación da visita

6.5.2.5 Visitas efectuadas na Semana da Ciencia

6.5.5.6 Asistentes as salas audiovisuais en actividades extraordinarias

6.5.5.7 Membros da Agrupación Astronómica Coruñesa para a entrada na Casa das ciencias e Planetario

Notas para a aplicación da cota cero

1º Non se aplicarán a aqueles eventos que se celebren temporalmente nos museos e contén con acceso controlado, independente e suxeito ao pago dun suplemento.

2º No caso de que a dispoñibilidade estea suxeita ao aforo.

6.5.6 Tarxetas con acceso anual:
Tarxeta "VENTE" de

6.5.6.1	acceso anual a mc2	
	Tarxeta "VENTE MINI"	20,60
6.5.6.2	de acceso anual a mc2, para menores de 16 anos e maiores de 65 anos	
	Notas para a aplicación da tarxeta especial "VENTE"	10,30
	1º As tarxetas "vente", son nominativas, permiten ao acceso a Casa das Ciencias, a Domus e ao Aquarium Finisterrae durante un ano natural contado desde a data de emisión e será necesario presentar o DNI cada vez que se utilicen. Permiten o acceso as salas de exposicións pero non inclúen sesións de planetario ou proxeccións de cine con entrada separada.	
	2º Non se inclúen aqueles eventos que se celebren temporalmente nos museos e contén acceso controlado, independente e suxeito ao pago dun suplemento.	
	Tarxetas Millenium	
6.5.7	Entrada Palacete	
6.5.7.1	Entrada Domus	1,55
6.5.7.2	Entrada Aquarium	1,55
6.5.7.3	Entrada e visita as	6,18
6.8	instalacións do Museo Arqueolóxico do Castelo de Santo Antón e Torre de Hércules	
6.8.1	Torre de Hércules, entrada xeral	3,09
6.8.2	Museo arqueolóxico Castelo de Santo Antón, entrada xeral	2,06
	Torre de Hércules,	

6.8.3 tarifa reducida 1,55
Museo Arqueolóxicos,

6.8.4 tarifa reducida 1,03

Notas para a aplicación da tarifa reducida

A tarifa reducida a que se refiren os apartados 6.8.3 e 6.8.4 será de aplicacións ademais dos casos xerais regulados no apartado 6.2 nos seguintes casos:

1º Grupos de mais de 20 persoas en visita previamente concertada

2º Os días e nos casos que determine a Xunta de Goberno

6.8.5 Local.

Cota cero

Ademais dos casos xerais regulados no apartado 6.1, aplicarase nos seguintes casos:

Visitas dos membros da Asociación de Amigos do Arqueolóxico.

No Museo Arqueolóxico, tódolos sábados do ano

Na Torre de Hércules, todos os luns do ano e o terceiro sábado de cada mes durante os meses de outubro a xuño

C

Escola municipal de Música

7.1.

Dereitos de matrícula por curso escolar

7.1.1 Dereitos ordinarios de matrícula por curso 71,61

7.1.2 escolar

Familias con varios fillos no centro: polos segundos menores de 0,00

7.1.3	18 anos	
	Xubilados ou menores de 18 anos pertencentes a familias con ingresos anuais netos menores a 3971 € por cada membro da unidade familiar, dereitos de matrícula por curso escolar.	30,90
7.2	Taxas mensuais de ensinanza	
7.2.1	Sección de música e	45,58
7.2.2	movemento	
	Música e movemento con práctica	57,76
7.3	instrumenta	
	Ensinanza musical de alumnos de educación especial.	41,20
7.4	Módulo semanal de clase 1ª	33,92
7.5	Cada módulo semanal de clase 2ª e 3ª	12,20
7.6	Cada módulo semanal de clase 4ª e 5ª	10,07
7.7	Cada módulo semanal de clase individual de instrumento de media hora de duración por mes	46,11
7.8	Cada módulo semanal de talleres	25,44
7.9	Xubilados ou menores de 18 anos pertencentes a familiar con ingresos anuais netos menores a 3971 euros por cada membro da unidade familiar	0,00
7.9.1	Mensualidades de ata 3 módulos semanais	30,90
7.9.2	Mensualidades de mais de 3 módulos semanais	51,50
7.10	Taxas de usos de locais	
7.10.1	Módulo de uso de 1 hora de cabinas pequenas	5,29
7.10.2	Módulo de uso de 1 hora de cabinas	10,61

7.10.3	grandes	
	Módulo de uso de 1	21,19
7.10.4	hora de aula grande	
	Módulo de uso de 1	42,41
	hora de aula magna	

Normas para a aplicación das Tarifas:

As visitas a instalacións por parte de grupos de escolares deberán ser concertadas cos respectivos directores e efectuar a comunicación cunha antelación mínima de quince días sobre a data prevista. Durante a visita os alumnos deberán ir acompañados por un educador cada vinte e cinco estudantes, como mínimo.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a prestación dos servizos regulados nesta ordenanza. Nos supostos xerais de entrada a museos e instalacións, entenderase solicitada no momento de presentarse nos despachos de venda de entradas ou accesos manifestando verbalmente a petición. Nos supostos en que media solicitude expresa, xerarase a taxa no momento da súa presentación.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. A xestión e recadación da taxa correspóndelles aos centros culturais que prestan os servizos. Nos centros xestionados por concesión, o prego de condicións pódelle encomendar ao concesionario a xestión e recadación da taxa. No caso da Escola de Música, a xestión e recadación correspóndelle ao concesionario do servizo nas condicións do contrato. Poderáselle encomendar ao Consorcio de Turismo a xestión e recadación das taxas por visitas a centros culturais, así como o rendemento das taxas por visitas á Torre de Hércules, nos termos que se establezan no convenio que se realizará con esta entidade. O convenio regulará, así mesmo, as condicións en que se efectuará a devandita xestión.

2. Nos supostos de entradas para visita das instalacións, o pago esixirase e acreditarase por medio dun boleto ou ticket que se obterá e expedirá no acceso aos edificios e aboarase antes de ingresar nas instalacións. Cando medie unha autorización previa, ao solicitar a súa concesión aboarase o importe estimado da taxa en concepto de depósito previo. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. A resolución que se dite aprobará a liquidación provisional e ordenará a imputación a esta do depósito constituído ou a súa devolución total ou parcial, se así procede.

3. As tarifas por matriculación na Escola Municipal de Música aboaranse no momento da inscrición e as mensuais, serán cargadas polo xestor da taxa na conta bancaria designada polo beneficiario cada mes, sen necesidade de notificación expresa.

4. Os servizos de cultura efectuarán as liquidacións periódicas pola utilización de vivendas en centros de ensino, segundo o establecido na Ordenanza xeral de xestión.

5. As cotas non teñen carácter reducible.

6. A Xunta de Goberno Local poderá autorizar a realización de convenios nos que se reduza ata o cen por cento do importe da entrada que terán que aboar os visitantes das instalacións culturais no momento de acceder a elas, quedando obrigada a entidade coa que se realice o convenio. O convenio que se realice determinará a garantía que debe prestar a entidade para garantir o pago.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o día 28 de decembro de 2023, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2024 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO XVI: ORDENANZA FISCAL Nº 17 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por prestación de servizos na Estación de Autobuses, a que se refire o artigo 20. 4) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa o cobro dos servizos de saída, chegada e tránsito con parada na Coruña, de autobuses de liñas regulares de transporte de viaxeiros, equipaxes e encargos deles, que non estean exceptuados de acudir á Estación.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que empreguen os servizos ou resulten beneficiados pola súa prestación e os concesionarios de servizos na Estación.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

A determinación da contía que hai que pagar realizárase mediante o sistema de cota fixa, conforme ás tarifas mínimas establecidas no artigo seguinte.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Esixíranse as seguintes tarifas mínimas:

1 Tarifa A. Por entrada ou saída dun autocar con viaxeiros ao comezar

ou finalizar a viaxe e escala do vehículo en tránsito: EUROS

1.1 Ata 15 Km.	0,13
1.2 De 16 a 30 Km.	0,18
1.3 De 31 a 50 Km.	0,26
1.4 De 51 a 80 Km.	0,30
1.5 De 81 a 200 Km.	0,56
1.6 De 201 a 500 Km.	1,55
1.7 Máis de 500 Km.	1,55

2 Tarifa B. Por utilización dos servizos xerais da Estación. Por cada billete expedido en todas as liñas, aboamento ou cargo do viaxeiro que saía ou renda viaxe a ela, por cada entrada ou saída:

2.1 Ata 15 Km.	0,00
2.2 De 15 a 30 Km.	0,06
2.3 De 31 a 50 Km.	0,06
2.4 De 51 a 80 Km.	0,19
2.5 De 81 a 200 Km.	0,28
2.6 De 201 a 500 Km.	0,64